

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD2ELE000100	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0156	Inglés profesional (GM)	2024/2025	2	60	60

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA IGLESIAS MOUGÁN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional determínase pola competencia xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Este perfil profesional evoluciona cara a un maior protagonismo na toma de decisións vinculadas ao control de procesos de produción cada vez máis automatizados, ademais do desempeño de funcións en áreas como a planificación, o mantemento, a calidade e a prevención de riscos laborais, especialmente en pequenas empresas.

A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, particularmente nos procesos de mecanización e acabados, xunto coas exixencias normativas en materia de calidade e protección ambiental, implicará a substitución de equipos convencionais por outros máis avanzados, así como a adaptación ou transformación dos procesos e sistemas produtivos.

A internacionalización dos mercados levará ás empresas a dar prioridade ao deseño, á xestión de provedores e á loxística, empregando a imaxe de marca como unha vantaxe competitiva. Isto resultará na redución dos prazos de renovación de produtos e no incremento do dinamismo dos procesos industriais.

O currículo concrétese nos resultados de aprendizaxe, nos criterios de avaliación e nos contidos específicos, todos eles aliñados co ámbito produtivo no que se desenvolverá o profesional.

Preténdese que, unha vez superado este módulo, o alumnado dispoña das ferramentas necesarias para desenvolverse no ámbito laboral en lingua inglesa, tomando como referencia un nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

O módulo de Inglés Profesional impartirase empregando o inglés como lingua vehicular. A escolla do inglés como lingua estranxeira responde ao seu uso actual como lingua franca, sobre todo nos sectores científico e tecnolóxico. Por tanto, cómpre dotar ao alumnado da capacidade de aplicar os contidos adquiridos no ciclo tamén en inglés.

Este módulo está deseñado como un apoio aos contidos e competencias desenvolvidas nos demais módulos profesionais. Tal e como establece a Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25, o módulo de Inglés profesional permite que o alumnado desenvolva as competencias que o capacitan para a comunicación e o desenvolvemento en diversos ámbitos profesionais.

O módulo de Inglés profesional terá como finalidade a adquisición de competencias que capaciten para a comunicación e o crecemento profesional en contextos progresivamente plurinacionais e de mobilidade. Para isto, o currículo será contextualizado no perfil profesional do título correspondente e as actividades de ensino e aprendizaxe deseñaranse tendo en conta as situacións profesionais habituais do sector produtivo de referencia.

Os obxectivos dividiranse nas seguintes áreas: expresión oral e escrita, así como comprensión oral e escrita, co fin de que o alumnado acade unha competencia adecuada nas catro destrezas lingüísticas: produtivas (expresión oral e escrita) e receptivas (comprensión oral e lectora).

Deste xeito, espérase que o alumnado sexa quen de manexar documentación técnica en inglés, comprender e seguir instrucións orais neste idioma, producir documentación escrita e participar en interaccións verbais, todo dentro do ámbito profesional do ciclo formativo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en Empresa		4	1
2	Comprensión Oral		14	25
3	Comprensión Escrita		14	25
4	Expresión Oral		14	25
5	Expresión Escrita		14	24

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en Empresa	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comprende información de índole profesional e cotiá contida en discursos orais sinxelos, emitidos en lingua estándar, descifrando o contido global da mensaxe e relacionándoo cos recursos lingüísticos correspondentes	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícase o fío argumental de mensaxes orais, e determináronse os roles que aparecen nestes
CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe, tanto directa, como telefónica ou en calquera outro medio auditivo

Criterios de avaliación
CA1.4 Extraeuse información específica contida en discursos orais, en lingua estándar, relacionados coa vida social, profesional ou académica
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe sen necesidade de entender todos os elementos desta

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Terminoloxía específica do sector profesional.</p> <p>Instrucións sobre operacións e tarefas propias do traballo.</p> <p>Idea principal e ideas secundarias.</p> <p>Comprensión de mensaxes profesionais do sector e cotiás:</p> <p>Mensaxes directas, telefónicas e gravadas.</p> <p>Soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax etc.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Comprensión Oral	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comprende información de índole profesional e cotiá contida en discursos orais sinxelos, emitidos en lingua estándar, descifrando o contido global da mensaxe e relacionándoo cos recursos lingüísticos correspondentes	SI
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, describindo as relacións típicas características do país da lingua estranxeira	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Situouse a mensaxe no seu contexto por medio da análise das súas características textuais e contextuais
CA1.2 Identificouse o fío argumental de mensaxes orais, e determináronse os roles que aparecen nestes
CA1.3 Recoñeceuse a finalidade da mensaxe, tanto directa, como telefónica ou en calquera outro medio auditivo
CA1.4 Extraeuse información específica contida en discursos orais, en lingua estándar, relacionados coa vida social, profesional ou académica
CA1.5 Secuenciáronse os elementos constituintes da mensaxe
CA1.6 Identifícaronse e resumíronse con claridade as ideas principais dun discurso sobre temas coñecidos, transmitido polos medios de comunicación e emitido en lingua estándar
CA1.7 Recoñecéronse as instrucións orais e seguíronse as indicacións, e foi quen de concluír se precisan unha resposta verbal ou unha non verbal
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe sen necesidade de entender todos os elementos desta
CA1.9 Serviuse da análise da entoación e dos elementos visuais para identificar os diversos significados e as intencións comunicativas do emisor
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e os usos da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.2 Describíronse os protocolos e as normas de relación social propios do país
CA5.3 Identifícaronse os valores e as crenzas propios da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.4 Identifícaronse os aspectos socioprofesionais propios da área profesional, en calquera tipo de texto
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social propios do país da lingua estranxeira

4.2.e) Contidos

Contidos
Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións, instrucións etc.

Contidos
<p>Variedade de acentos na lingua oral.</p> <p>Terminoloxía específica do sector profesional.</p> <p>Instrucións sobre operacións e tarefas propias do traballo.</p> <p>Idea principal e ideas secundarias.</p> <p>Comprensión de mensaxes profesionais do sector e cotiás:</p> <p>Mensaxes directas, telefónicas e gravadas.</p> <p>Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Recoñecemento da lingua estranxeira como medio para aprofundar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Comprensión Escrita	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Comprende información profesional contida en textos escritos sinxelos, analizando de forma comprensiva o seu contido	SI
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, describindo as relacións típicas características do país da lingua estranxeira	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse os materiais de consulta e dicionarios técnicos para a comprensión do texto

Criterios de avaliación
CA2.2 Léronse de forma comprensiva textos claros en lingua estándar
CA2.3 Relacionouse o texto co ámbito do sector ao que se refira
CA2.4 Recoñecéronse as ideas principais dun texto escrito identificando a información relevante, sen necesidade de entender todos os elementos do devandito texto
CA2.5 Identificouse a terminoloxía utilizada, así como as estruturas gramaticais e demais elementos característicos de cada tipoloxía discursiva
CA2.6 Realizáronse traducións de textos en lingua estándar utilizando material de apoio en caso necesario
CA2.7 Interpretouse a mensaxe recibida a través de soportes telemáticos ou de calquera outro tipo
CA2.8 Recoñeceuse a finalidade de distintos textos escritos en calquera soporte, en lingua estándar e relacionados coa actividade profesional
CA2.9 Extraeuse información específica de textos de diferente natureza, relativos á súa profesión e contidos en distintos soportes
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e os usos da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.2 Descríbóronse os protocolos e as normas de relación social propios do país
CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas propios da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios da área profesional, en calquera tipo de texto
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social propios do país da lingua estranxeira

4.3.e) Contidos

Contidos
Soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax etc.
Orde de palabras na oración simple.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes, textos e artigos básicos profesionais do sector e cotiáns.</p> <p>Terminoloxía específica do sector profesional.</p> <p>Idea principal e ideas secundarias.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> <p>Recoñecemento da lingua estranxeira como medio para aprofundar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Expresión Oral	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Produce mensaxes orais sinxelas, claras e estruturadas, participando como axente activo en conversas profesionais	SI
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, describindo as relacións típicas características do país da lingua estranxeira	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse os rexistros máis adecuados para a emisión da mensaxe
CA3.2 Comunicouse utilizando fórmulas, nexos, marcadores discursivos e estratexias de interacción acordes á situación de comunicación
CA3.3 Descríbense feitos breves e imprevistos relacionados coa súa profesión

Criterios de avaliación
CA3.4 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión
CA3.5 Expresáronse sentimentos, ideas ou opinións
CA3.6 Enumeráronse as actividades propias da tarefa profesional
CA3.7 Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia
CA3.8 Xustificouse a aceptación ou non de propostas realizadas facendo uso de normas de cortesía e de modais apropiados
CA3.9 Intercambiouse con relativa fluidez información específica e detallada, utilizando frases de estrutura sinxela e diferentes soportes telemáticos
CA3.10 Realizáronse de xeito claro presentacións breves e preparadas sobre un tema dentro da súa especialidade, facendo uso dos protocolos adecuados
CA3.11 Comunicouse espontaneamente adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.12 Respondéronse preguntas relativas á súa vida socioprofesional, incluídas as propias dunha entrevista de traballo
CA3.13 Solicitouuse a reformulación do discurso ou a aclaración de parte deste cando se considerou necesario, para unha mellor comprensión
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e os usos da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.2 Descríronse os protocolos e as normas de relación social propios do país
CA5.3 Identifícanse os valores e as crenzas propios da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.4 Identifícanse os aspectos socioprofesionais propios da área profesional, en calquera tipo de texto
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social propios do país da lingua estranxeira

4.4.e) Contidos

Contidos
Marcadores lingüísticos de relacións sociais: normas de cortesía e diferenzas de rexistro.
0Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración etc.

Contidos
<p>Mantemento e seguimento do discurso oral:</p> <p>Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, expresión da condición e da dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra.</p> <p>Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais.</p> <p>Terminoloxía específica do sector profesional.</p> <p>Outros recursos lingüísticos: gustos e preferencias, suxestións, argumentacións e instrucións.</p> <p>Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos padróns de entoación.</p> <p>Fonética: sons e fonemas vocálicos (e as súas combinacións) e consonánticos (e as súas agrupacións).</p> <p>Recoñecemento da lingua estranxeira como medio para aprofundar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.</p> <p>Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.</p> <p>Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Expresión Escrita	14

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Redacta textos sinxelos en lingua estándar, relacionando as regras gramaticais coa finalidade destes	SI
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación, describindo as relacións típicas características do país da lingua estranxeira	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Seleccionáronse as estratexias, as estruturas, o vocabulario e as convencións máis adecuadas para o tipo de texto que se vaia crear (fax, nota, carta, correo electrónico etc.)
CA4.2 Redactáronse textos breves relacionados con aspectos cotiáns e/ou profesionais
CA4.3 Organizouse a información de maneira coherente e con cohesión
CA4.4 Realizáronse resumos de textos relacionados coa súa entorna profesional, identificando as ideas principais destes
CA4.5 Cubriuse documentación específica do seu campo profesional, aplicando as fórmulas establecidas e o vocabulario específico
CA4.6 Cubriuse un texto dado con apoios visuais e claves lingüísticas achegadas
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se vaia elaborar
CA4.8 Escribiuse correspondencia formal básica en formato físico ou dixital destinada principalmente a pedir información, solicitar un servizo ou levar a cabo unha reclamación ou outra xestión sinxela, sempre atendendo ás convencións da tipoloxía textual
CA4.9 Tomáronse notas e mensaxes, con información sinxela sobre aspectos propios do seu labor profesional
CA4.10 Solicitouse de forma escrita información referente a aspectos relacionados co seu campo profesional (páxina web, correo electrónico etc.)
CA5.1 Definíronse os trazos máis significativos dos costumes e os usos da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.2 Describíronse os protocolos e as normas de relación social propios do país
CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas propios da comunidade onde se fala a lingua estranxeira
CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios da área profesional, en calquera tipo de texto
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social propios do país da lingua estranxeira

4.5.e) Contidos

Contidos
Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais do sector e cotiáns:
0Terminoloxía específica da área profesional.
Uso dos signos de puntuación máis habituais.
Coherencia textual:
Adecuación do texto ao contexto comunicativo.
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
Currículum vitae e soportes telemáticos: fax, correo electrónico, burofax etc.
Variedade de lingua: rexistro.
Idea principal e ideas secundarias.
Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.
Relacións lóxicas: oposición, concesión, comparación, condición, causa, finalidade e resultado.
Tipo e formato de texto.
Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido relevante.
Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión: exemplifi-cación e conclusión, e/ou resumo do discurso.
Recoñecemento da lingua estranxeira como medio para aprofundar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.
Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os procedementos de avaliación aplicados polo equipo docente terán en conta a competencia xeral e as capacidades profesionais, persoais e sociais características do título, que constitúen a referencia para definir os obxectivos xerais do ciclo formativo e os obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe, dos módulos profesionais que o conforman. A valoración do grao de consecución destes resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata aos criterios de avaliación establecidos para cada módulo. Os procesos de avaliación adecuaranse ás necesidades metodolóxicas que presenta o alumnado con necesidades específicas, e garantirase a súa accesibilidade ás probas de avaliación.

Considéranse mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva os criterios de avaliación marcados como SI no apartado 4.C desta programación.

As probas escritas serán de resposta curta, de tipo test (onde a escolla estará brevemente xustificada), cumplimentación de formularios ou elaboración de textos ou escolla entre distintas opcións tras presentarse diferentes recursos audiovisuais.

As probas de competencia oral realizaranse mediante exames orais (presentacións individuais ou en grupo) nos que se valorará o contido, a gramática e a pronunciación.

O peso das probas escritas será dun 50%

O peso das probas orais será dun 30%

O peso das actividades de aula (presentacións, redacción de textos escritos e outras actividades) e da participación será dun 20%

Para poder aprobar hai que superar o 5 ó facer a media ponderada das diferentes probas.

Os instrumentos de avaliación utilizados serán principalmente para o uso presencial na aula, pero, se durante o curso se producise algunha situación de confinamento de alumnado ou profesorado (total ou de persoas en concreto) poderán ser utilizados estes instrumentos a través de ferramentas informáticas como a aula virtual, correo electrónico ou outros.

Para cualificar o traballo e o rendemento teranse en conta as seguintes probas e conceptos en cada avaliación:

Aplicaranse probas de avaliación nas que o alumnado demostrará o grao de coñecementos adquiridos na lingua inglesa: o seu nivel de vocabulario, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita, expresión oral e coñecementos de gramática.

A cualificación da primeira e segunda avaliacións obterase da aplicación do seguinte baremo:

Comprensión escrita (Reading) 15%

Expresión escrita (Writing) 15%

Comprensión oral (listening)15%

Expresión oral (speaking) 15%

Coñecementos de Gramática10%

Vocabulario10%

Elaboración de prácticos, actividades, participación na clase 20%

Superará a avaliación o alumnado que obteña unha cualificación de 5 ou máis sobre 10.

Ademais da participación e superación por parte do alumnado nas probas anteriores tamén se lle esixirá a entrega obrigatoria de traballos na data establecida polo profesor/a (redaccións, boletíns de exercicios,

glosarios, etc) e a participación obrigatoria en audicións, presentación, etc. O número das mesmas, tanto no tocante aos traballos coma ás audicións, presentacións, e outros exercicios de lingua estará en relación coas necesidades de aprendizaxe que demostre o alumnado no seu conxunto.

A avaliación é continua, realizando controis cando se considere oportuno.

Ao tratarse dunha avaliación continua, non se prevén probas específicas de recuperación. A recuperación valorarase a partir do progreso que o alumno/a realice no período posterior. É dicir, o alumnado que non supere a unha avaliación poderá recuperar ao obter unha cualificación de 5 ou máis en avaliacións posteriores.

Se algún/a alumno/a indica a necesidade de adaptación no momento da matrícula, ou ben con anterioridade a dita proba, será tido en conta.

Considéranse as súas cualidades e situación de maneira individual e farase a adaptación que precise para que poida realizar esta proba.

Notas aclaratorias para a realización de probas escritas avaliáveis:

Salvo autorización expresa, para realizar algunha tarefa en concreto, está prohibido a utilización de teléfonos móbiles, ou calquera outro dispositivo que poida almacenar información ou que poida ter conexión a internet.

No caso de que se detecte algún alumno/a copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicaráselle que como consecuencia do feito lle queda esa proba suspensa.

A puntuación de cada pregunta figurará na folla de exame. De non aparecer, significaría que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

Se a situación sanitaria o require ou se dan outras causas de tipo organizativo estableceranse quendas para a realización das probas escritas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación planificaranse de xeito que, salvo que se perda o dereito a avaliación continua, se poidan recuperar dentro do transcurso normal do módulo.

Se despois de acabado o período ordinario de sesións houbera algún RA non superado, o alumnado poderá alcanzar a avaliación positiva realizando as actividades de recuperación propostas polo profesorado, podendo incluír probas escritas ou orais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste caso, realizarase unha proba extraordinaria que pode coincidir coa proba que realicen os alumnos que, non tendo perdida o dereito a avaliación continua, precisen recuperar algún RA non superado.

Os exames da proba extraordinaria incluírán gramática, vocabulario, comprensión de lectura e expresión escrita e terán unha duración total estimada de tres horas.

Para superar a proba extraordinaria é necesario obter unha nota de 5 ou máis sobre 10, calculada a media conforme as seguintes porcentaxes:

Comprensión de lectura (Reading) 25%

Expresión escrita (Writing) 25%
Gramática 25%
Vocabulario 25%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase mensualmente unha análise do grao de cumprimento dos obxectivos propostos nesta programación por parte do alumnado, así como do ritmo no seu desenvolvemento. No caso de detectarse problemas, tanto na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado como no ritmo das clases, introduciranse modificacións na programación, que serán recollidas na memoria de fin de curso.
Para o seguimento mensual empregárase a aplicación da Consellería de Educación.
Entregarase unha memoria final de curso coas modificacións e suxestións pertinentes.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial, na que se identificarán os diferentes niveis presentes no grupo, coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado, así como as posibles necesidades especiais detectadas. De detectarse a existencia dalgún alumno con NEE ou NEAE traballarase conxuntamente co departamento de orientación para deseñar un plan específico de actuación e adaptación ou reforzo educativo.

Os resultados da avaliación inicial empregáranse para establecer o nivel de partida e as diferentes estratexias para poder cumprir cos RA do módulo.

Así mesmo, durante a fase de exposición da materia, o profesorado invitará a que o alumnado consulte dúbidas ou solicite explicacións, sobre todo a aqueles que se detectase na avaliación que requiren unha atención especial.

Esta práctica consultiva pode aportar bos resultados ao eliminar as posibles diferenzas entre o alumnado a favor dun maior coñecemento.

Do mesmo modo, convén apoiar a cada alumno/a de forma individualizada nas actividades de aprendizaxe, supervisando de forma continuada o estado do traballo de cada un deles.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dado que as diferenzas e a diversidade entre as persoas son inevitables, non haberá dous alumnos iguais en termos de intereses, motivacións ou capacidades (ritmo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos). Por iso, levarase a cabo unha atención á diversidade e ás necesidades educativas específicas para garantir un ensino de calidade, que promova o desenvolvemento persoal e contribúa a unha sociedade máis xusta. A avaliación continua debe facilitar a detección das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado. Isto permitirá identificar os aspectos do proceso que poidan estar a causar esas dificultades e adoptar as medidas necesarias. Se, ao analizar o progreso dun estudante, se detectan dificultades no seguimento, ofrecerase apoio educativo personalizado, enfocándose nos contidos nos que o estudante atopa máis obstáculos, e proponendo actividades e traballos de reforzo que lle permitan alcanzar as capacidades terminais asociadas aos contidos mínimos desta programación didáctica.

No caso de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), traballárase de forma coordinada co Departamento de Orientación do centro, buscando ofrecer unha atención o máis personalizada posible.

A menos que se indique a necesidade de aplicar unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI), no caso de alumnado con NEAE, implementáranse medidas de reforzo de acordo co protocolo establecido polo Departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación debe ser facilitar a integración do alumnado na sociedade. Para iso, non só se debe garantir a adquisición dos coñecementos científicos propios do módulo, senón tamén abordar de forma adecuada os problemas sociais actuais.

A inclusión de temas transversais en todos os módulos do ciclo está plenamente xustificada pola súa relevancia social, co obxectivo de promover o desenvolvemento persoal e integral do alumnado e contribuír á construción dunha sociedade máis libre, democrática e pacífica.

Educación para a paz: Vinculada á tolerancia, á non violencia e á cooperación internacional.

Educación para a saúde e calidade de vida: Resalta a importancia de adoptar medidas de seguridade e hixiene, así como a prevención de riscos para mellorar a saúde e a calidade de vida.

Educación viaria: A través do estudo específico das sinalizacións de seguridade e a súa relación coa prevención.

Educación ambiental: Trata as repercusións das industrias (riscos físicos, químicos e biolóxicos) no ecosistema, e destaca a prevención como ferramenta para preservar o medio e mellorar a calidade de vida. Tamén resalta a necesidade do cumprimento da normativa ambiental por parte das empresas.

Educación para o consumidor: Promover actitudes responsables e críticas como consumidores. Foméntase a comprensión da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e o funcionamento dos mercados, oferta e demanda.

Educación para a igualdade entre sexos: Corrixindo prexuízos e discriminacións na elección profesional ou na selección de persoal, eliminando a discriminación nas empresas e favorecendo o respecto polas mulleres como traballadoras.

Educación moral e cívica: Enfocada na construción dun espírito crítico e o desenvolvemento moral. Inclúe o respecto polos demais, a convivencia e o pluralismo. Promove a responsabilidade no traballo, o comportamento ético, a cooperación entre compañeiros, e a xestión ética nas empresas. Tamén se aborda a transcendencia humana de prácticas inseguras e a solidariedade ante accidentes, así como a ética no proceso de selección de persoal.

Este módulo resulta especialmente valioso para traballar a transversalidade e a educación en valores, xa que a propia lingua e os diferentes rexistros culturais así o esixen. A base de todo proceso que implique unha relación entre individuos debe fundamentarse no respecto e na comprensión da posición da persoa coa que se interactúa, promovendo o respecto e a empatía.

Nos contidos deste módulo inclúense referencias aos usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira. As diferenzas culturais presentes ofrecen unha oportunidade para afondar na educación en valores.

A inclusión destes contidos xenéricos realizarase do seguinte xeito:

- Incorporándoos como obxectivos específicos en diferentes Unidades.

- Tratándoos como actitudes a desenvolver nas Unidades relacionadas.
- Empregando unha metodoloxía e actividades específicas que favorezan o seu tratamento: creación dun bo clima na aula, uso de linguaxe non sexista, actividades grupais, debates e exposicións.
- Considerándoos á hora de avaliar, especialmente nos criterios de avaliación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Esta parte da programación está aberta á posible realización de actividades fóra do centro.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica na Formación Profesional específica promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Ademais, potenciará no alumnado a capacidade para aprender de forma autónoma e traballar en equipo.

Seguirase un enfoque comunicativo baseado no constructivismo, segundo o cal é o alumnado quen constrúe e modifica os seus coñecementos, converténdose no motor da súa propia aprendizaxe. O docente actúa como guía do proceso, organizando e planificando actividades que provoquen un conflito cognitivo, facilitando a modificación dos esquemas de coñecemento.

Isto implica a necesidade de:

- Partir dos coñecementos previos, capacidades e intereses do alumnado.
- Favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, asegurando que os novos coñecementos estean vinculados cos previos, e que se establezan entre eles relacións substantivas e estables, permitindo construír novos significados. Para isto, serán claves:
 - A creación dun conflito cognitivo na zona de desenvolvemento próximo.
 - O uso de material estruturado, claro e organizado.
 - A motivación do alumnado e unha actitude activa e esforzada.
- Conseguir a funcionalidade das aprendizaxes, mediante coñecementos vinculados ao contexto socioeconómico e útiles para aplicalos a situacións reais de traballo.
- Facilitar que o alumnado desenvolva a capacidade de aprender de forma autónoma, aprendendo a aprender e construíndo aprendizaxes significativas de maneira continua e autónoma.
- Empregar unha metodoloxía activa e participativa, onde o alumnado sexa o protagonista, creando un clima favorable na aula que fomente a súa implicación e motivación.
- Tratar de maneira interdisciplinar e integrada os contidos en relación con outros módulos.

Ademais das actividades individuais (traballo autónomo adaptado ao ritmo e capacidades de cada alumno), potenciarase o traballo en equipo mediante numerosas actividades grupais, favorecendo a socialización e

a comunicación interpersonal, fomentando a responsabilidade e o respecto, e fortalecendo o espírito crítico, a reflexión e o contraste de ideas.

Realizaranse actividades centradas no uso das TIC (medios audiovisuais e ordenadores con conexión a internet na aula): ferramentas motivadoras que impulsan o traballo investigador e creativo, e permiten que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe (autoaprendizaxe) e a actualización continua do mesmo.

Fomento da lectura: promoverase a lectura de textos de carácter xeral ou científico, vinculados ao módulo e á profesión.